

ENTREVISTA

*L*egar Hamlet á escea, na nosa lingua, constitúe un vello soño para Vde...

-Así é. Hai unha serie de obras: *Quen teme a Virginia Wolf*, *A noite da iguana*, *Calígula*, *Luces de Bohemia* e *Hamlet*, que son as que eu sei dirixir. As outras... pois, chámame, estudo texto e... dirixo. Pero estas cinco son vellos soños que me gustaría poder levar adiante. *Hamlet* é a primeira, e agardo, nun futuro, poder facer as outras catro. A versión que fago, a idea de ambientalo nunha determinada época, tamén é de hai anos.

-Porque Vde. ambienta a acción no século XX, no momento en que os nazis invaden Dinamarca....

-Exactamente. Transcorre a inicios da Segunda Guerra Mundial, durante dous meses, xusto o tempo que pasa dende que Hitler lle encarga a un dos seus xenerais que prepare un plan para invadir Dinamarca deica que ese plan se leva adiante. Na propia obra de Shakespeare tamén pasan dous meses dende que se lle aparece o espectro do seu pai a Hamlet, e lle encarga a vinganza, ata que esta, e a morte do propio Hamlet, teñen lugar. Outra semellanza é a rapidez con que Frotimbras conquista o castelo de Elsinor, igual que Dinamarca, que en dezaioito horas foi ocupada polos nazis. Estes paralelismos déronme pé para facer a miña adaptación.

-Que outras diferenzas co texto orixinal poderá atopar o público no seu Hamlet?

-A obra orixinal dura catro horas e eu fago unha versión dunha hora e media. Desaparecen do texto orixinal referencias mitolóxicas do mundo grecolatino, frases enrevesadas moi desa época, que son belísimas de dicir para un actor, pero que non aportaban nada ao argumento. Porque non me podía permitir o luxo de facer unha obra de catro horas. Había que cortar por algunha parte e fíxeno así. Tamén hai referencias á época en que está a suceder a acción, para centrar ao espectador, pero moi poucas. É Shakespeare “puro e duro.”

-Unha das razóns que argumentou para levar a cabo este proxecto, precisamente agora, foi que Luís Tosar estaba no momento de poder facelo. Xa o elixira a el de antemán entón?

-Si, tamén dende hai anos. Traballei con el no Centro Dramático Galego en tres ou catro montaxes durante un ano e pico, e nese tempo de convivencia falabamos... Non moito; tampouco é que sexamos grandes faladores, pero si que tiñamos cousas en común sobre o teatro inglés e algunhas das súas personalidades. El sabía que eu era un namorado de Shakespeare e gustáballe preguntarme cousas sobre a figura de Burton e doutros Hamlets. Diciamos que algún día tiñamos que facela nós e creo que agora era o momento. Vino hai pouco en “O zoo de cristal” e estaba fantástico. É un tipo moi valente e coído que vai facer un Hamlet francamente memorable.

-Que lle vai aportar Tosar á personaxe?



VICTOR ECHAVE

Lino Braxe

“Imos procurar un Hamlet cercano ao gran público”

O 16 de febreiro terá lugar a estrea da primeira versión de Hamlet en galego. Lino Braxe, o seu director, cumpre así un vello soño, abrindo, quizais, con esta produción -a maior aposta escénica galega privada- unha nova porta para o teatro do noso país

NATALIA ÁLVAREZ

-Tosar ten unha enorme vantaxe sobre outros actores, e é que, sen ter unha voz relevante, é o suficientemente grande e con presenza, sen perder nunca a súa propia calidez. Coído que vai ser un Hamlet, en canto a nervio e enerxía, parecido ao de Burton, pero cunha maior dose de calidez. Un Hamlet moi humano, que vai achegar o seu drama ao gran público.

-Tiña tamén elixido ao resto do elenco ou foron saíndo nomes coa xente da produtora?

-Tiven total liberdade. A produtora non me impuxo ningunha persoa, pero tampouco o consentiría, que conste. Se unha compañía

me chama, eu, como director freelance, diríxoa e non podo facer o meu reparto. Pero, neste caso, eu vendo todo o produto, e o produto é a miña xente, o reparto co que eu quero facelo. Por exemplo, Claudio, que o fai Miguel Pernas, ou a raíña, que é Flor Maceiras, xa os tiña na cabeza. Manquí [Manuel Manquín] tamén, porque me dixon que quería facer algún día un Shakespeare, e pareceume un Polonio estupendo. E así todos. Son xente á que sempre quixen dirixir e meter nun proxecto bonito. E agora estamos gozando diso.

-Comentouse que está a utilizar un novo método de ensaio semellante ao do cinema...

-Iso non é certo. Aí confundíronse cousas. Hai moitos directores que, dende hai anos, traballan con convocatorias pechadas segundo as esceas. Ao que se refería Tosar, e que non se comprendeu moi ben, era á velocidade con que eu traballo e monto. Iso, ao mellor, si pode que sexa certo. Pero hai anos que

en Galicia hai persoas, e eu mesmo fun dirixido por directores, cun método parecido ao meu. O que pasa é que o que lle gusta a Tosar, pola enerxía que desprega, cousa na que nos parecemos, é a velocidade á que eu traballo.

-Levades dous meses de ensaios...

-Non, levamos mes e medio. Realmente, imos ter unhas sete semanas de ensaio...

-E en sete semanas pode montarse unha obra como Hamlet?

-Necesitaría, quizais, seis ou sete ensaios máis para que todo estivera mellor. Pero non mo plantexei. Isto é teatro comercial, a xente ten os seus compromisos e hai que ir a fume de carozo e facelo o mellor posible. Non somos un ente público que nos poidamos permitir facer as cousas a outro ritmo. Aquí hai cartos de moita xente, de entidades privadas, e hai que cumprir os prazos.

-Ao fin da financiación, moitos xa chaman a este proxecto a maior aposta escénica galega privada. Por que elixiu este camiño de financiación?

-Porque son “un ninguén”, e que institución lle ía dar cartos a Lino Braxe? Era imposible. Así que decidín facelo por outras vías. Ten en conta que eu, como director freelance, só tiven subvención nun espectáculo. O resto, e son unha chea deles, fíxenos sen subvención. Así que agora, en lugar de intentar facer espectáculos con poucos cartos, porque non consigo máis, teño que pegar un bote, porque senón non existo. Intentei logralo doutra maneira e así pasou. Foi a necesidade, porque Hamlet necesita moita “pasta”, e aínda nos quedamos cortos, pero... iso é o que hai.

-Cre que non depender de subvencións públicas aporta máis liberdade á hora de traballar?

-A min paréceme moi ben todo o que se está a debater arredor deste espectáculo. Pero eu, con total sinceridade, podo dicir unha cousa: a min non me viña o diñeiro á casa. Eu teño que comer, pagar as medicinas de meus pais, pagar un crédito. Así que, ou facía algo así, ou a ver que demos facía, entendes? Entón, non me plantexo que supón isto para o teatro en Galicia ou para a profesión. Fago unha cousa con ilusión, dou traballo a amigos e, aínda por riba, vou cobrar. Non me poño a considerar máis transcendencia que esta. Hai xente que me di que así se abre unha vía... Ben, pois explotádea, ide vós tamén negociar. Se isto é bo para todo o sector e amplía as maneiras de que vaia adiante... pois, magnífico. Mira, eu, como actor, pásoo moi mal, porque iso de esperar a que soe o teléfono... Eu teño que deliñar cousas. Se non é isto, pois fago rock and roll, e senón, un recital, e senón un libro... Porque estar mirando para o teléfono desquiciame.

-Xa que fala desas outras facetas súas, vén de sacar “A caricia da serpe”, outro proxecto, coído que tamén longamentearelado por Vde. e máis Miguel Ladrón de Guevara, Xosé Luís Saqués e Rómulo Sanjurjo.

-Así é. O disco sae agora, pero o grupo leva sete anos xa, e o traballo estaba gravado dende hai tempo. O que pasa é que non atopabamos unha canle. Agora, a xente de “Wonderland”, un selo novo, atreveuse con isto. Estamos moi contentos con eles... En fin; eu sempre digo que as cousas resultan cando realmente son posibles, non cando aparecen como algo moi ideal e moi perfecto. E antes de que sexan posibles, hai moitas delas que se quedan polo camiño. É como cando preguntan como se logra un éxito. Pois un éxito é un cúmulo de renuncias. Renuncias a moitas cousas que se quedan na túa imaxinación, para beneficio do público e para beneficio da panda que vai contigo nesa viaxe. Ao aportar todos algo, botan para atrás cousas do que ti tiñas. Pero esa maneira de poder escoitar aos demais é o que fai que, ao mellor, si todo poida saír ben, finalmente. Se agardo que Hamlet sexa un éxito, iso é porque recibín a mensaxe de moitos actores e a puxen enriba dun escenario.

COÍDO QUE LUÍS
TOSAR VAI
APORTAR NERVIO
E CALIDEZ Á
PERSONAXE”